

Nome _____ Data _____

Ao abrente

A branca lúa pasea
 polo ceo de carbón
 e dille á fonte que entoa
 co seu chorro unha canción:
 –Éncheme un cántaro de auga,
 para que probe o seu frescor.
 E ti, fermosa rapaza,
 regalaríasme o olor
 da rosa branca ou vermella
 que teña un recendo mellor?
 Entre as pólas da maceira
 canta amodo o reiseñor.
 –Bule, lúa, fuxe axiña,
 que quere saír o sol.

PAULA F. SEOANE

**1** Marca o correcto. Que quere dicir *ao abrente*?

- Cando comeza a facerse de noite.
 Cando comeza a facerse de día.

**2** Marca as palabras que signifiquen o contrario *ca abrente*.

- solpor alborada amencer
 anoitecer noitiña luscofusco

3 Relaciona cada palabra da lectura con outra que teña un significado semellante.

olor	frescor	bule	axiña
apura	cheiro	decontado	frescura

4 Fíxate no texto dos globos e responde.

Éncheme un cántaro de auga,
para que probe o seu frescor.

- Quen o di? _____
- A quen llo di? _____

- Quen o di? _____
- A quen llo di? _____

Regalaríame o olor da rosa
branca ou vermella que teña
un recendo mellor?

Fuxe axiña, que
quere saír o sol.

- Quen o di? _____
- A quen llo di? _____

5 Escribe cada nome no seu lugar e pinta o recipiente que se nomea no poema.

caldeiro • cántaro • porrón • xerra



6 Arrodea a vogal tónica da última palabra en cada verso e responde.

- Repítese algunha vogal tónica final ao longo do poema? _____
- En que versos, nos pares ou nos impares? _____
- Por tanto, que podemos dicir destes versos? _____

7 Le a información e razoa. Hai personificacións no poema?

Un recurso poético moi habitual é a **personificación**, que consiste en presentar animais ou obxectos que actúan coma os humanos: falan, móvense, manifestan emocións...

